



Vilalba, 5 de Novembro de 2018

### **MOCIÓN RELATIVA Ó CEMITERIO MUNICIPAL DE VILALBA**

#### **Ao Pleno do Concello de Vilalba:**

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilalba, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación presenta, diante do Pleno da Corporación, a seguinte moción, en base á seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei de Bases do Réxime Local outorga, como competencia propia dos Concellos, a xestión dos Cemiterios Municipais. O Concello de Vilalba asumiu esta competencia coa construción do actual Cemiterio Municipal, lugar onde descansan os restos dos e das vilalbeses/as.

Estas instalacións non contan cunha normativa reguladora do seu réxime interior, na cal se debería especificar todo o relativo á xestión da instalación municipal e que dotaría de seguridade xurídica ós seus usuarios, garantido a súa prestación efectiva.

Ademáis, tendo en conta a natureza do servizo, debería terse especial consideración do respecto e dignidade coa que deberían de tratarse estas instalacións. Plasmándose os aspectos máis relevantes coma os horarios de apertura, o servizo de limpeza das zonas comúns, dereitos e deberes dos usuarios etc, nun texto no que se positivicen os diferentes aspectos a ter en conta.

É por elo polo que o Grupo Municipal Socialista solicita que o Pleno ACORDE:

**1º) Que o Sr. Alcalde ordene o necesario para a realización do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Vilalba.**

A voceira do Grupo Municipal Socialista

Asdo. M<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILALBA**